

ATENCIÓN AO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

O alumnado que teña algún curso de matemáticas pendente deberá entregar dous traballos durante o curso. A entrega destes traballos é obrigatoria para superar a materia pendente, asemade, tamén é obrigatorio ter unha nota igual ou superior a 5 nos traballos para poder aprobar a materia.

Os traballos consisten na resolución duns boletíns de problemas que se lles entregará a cada alumno/a coa materia pendente ao inicio do curso. Os devanditos traballos entregaranse nas datas indicadas ao/á profesor/a que imparta clases no curso no que estea matriculado/a o/a alumno/a.

ALUMNADO COAS MATEMÁTICAS PENDENTES DE 1º E 2º DE ESO:

- Considerarase a materia aprobada se o/a alumno/a despois de entregar os traballos e ter neles nota igual ou superior a 5, aproba as matemáticas na 1ª e 2ª avaliación no curso que se atopa actualmente.

- No caso de que o/a alumno/a non teña aprobada as dúas avaliacións ou non teña entregados os traballos nas condicións antes mencionadas, terá que presentarse a unha proba escrita de toda a materia que se celebrará na data indicada. Neste caso, a nota final sairá de valorar nun 30% a nota dos traballos en nun 70% a nota da proba escrita.

ALUMNADO COAS MATEMÁTICAS PENDENTES DE 3º DE ESO E 1º DE BACHARELATO:

- Considerarase a materia aprobada se o/a alumno/a despois de entregar os traballos e ter neles nota igual ou superior a 5, e despois de realizar dúas probas escritas durante o curso, obtén unha nota igual ou superior a 5. Valorarase un 30% a nota dos traballos presentados en un 70% a nota que resulte dos exames (media entre as dúas probas, caso de ter a primeira parte aprobada, ou ben nota da segunda proba no caso de non ter superada a primeira proba).

A primeira proba terá lugar durante o mes de xaneiro. Aqueles alumnos que superen esta proba quedarán liberados desa parte da materia para a segunda proba.

A segunda proba, que abarcará toda a materia impartida no curso anterior (agás a liberada na primeira proba só se se aprobou), terá lugar durante o mes de abril.

OBSERVACIÓNS:

Para todos aqueles alumnos/as que non consigan superar as materias pendentes con calquera das opcións citadas anteriormente, disporán dunha convocatoria oficial ordinaria fixada dende Xefatura de Estudos a principios do mes de maio, na que entrarán todos os contidos da materia impartida no ano anterior. Para presentarse a dita convocatoria xa non é necesario ter presentado os traballos ao longo do curso.

Para o alumnado que suspenda a proba proposta no punto anterior, disporán dunha convocatoria oficial extraordinaria fixada tamén dende Xefatura de Estudos nos últimos días de xuño.

Para alumnado de bacharelato, tal e como indica a lei, non poderán ser avaliados da materia de 2º ata ter unha avaliación positiva da de 1º.

A atención ó alumnado con materias pendentes correrá a cargo do profesor/a que estea impartindo clases durante o curso, que a súa vez é o encargado do control dos traballos así como de cubrir os PTIs.

DATAS E MATERIA DOS EXAMES E TRABALLOS DE PENDENTES

ALUMNADO DE 2º ESO COAS MATEMÁTICAS DE 1º PENDENTES		
	Data	Materia
ENTREGA 1º TRABALLO	19 de xaneiro de 2024	Aritmética
ENTREGA 2º TRABALLO	1 de abril de 2024	Resto da materia
PROBA ESCRITA	12 de abril de 2024	Toda a materia

ALUMNADO DE 3º ESO COAS MATEMÁTICAS DE 2º PENDENTES		
	Data	Materia
ENTREGA 1º TRABALLO	19 de xaneiro de 2024	Aritmética e álgebra
ENTREGA 2º TRABALLO	1 de abril de 2024	Resto da materia
PROBA ESCRITA	12 de abril de 2024	Toda a materia

ALUMNADO DE 4º ESO COAS MATEMÁTICAS ACADÉMICAS DE 3º PENDENTES		
	Data	Materia
1ª PROBA E ENTREGA 1º TRABALLO	19 de xaneiro de 2024	Aritmética e álgebra
ENTREGA 2º TRABALLO	1 de abril de 2024	Resto da materia
2ª PROBA	12 de abril de 2024	Dependendo da 1ª proba: todo ou só a 2ª parte da materia.

ALUMNADO DE 2º BAC COAS MATEMÁTICAS I PENDENTES		
	Data	Materia
1ª PROBA E ENTREGA 1º TRABALLO	19 de xaneiro de 2024	Aritmética, álgebra e trigonometría
ENTREGA 2º TRABALLO	1 de abril de 2024	Resto da materia
2ª PROBA	12 de abril de 2024	Dependendo da 1ª proba: todo ou só a 2ª parte da materia.

ALUMNADO DE 2º BAC COAS MATEMÁTICAS APLICADAS I PENDENTES		
	Data	Materia
1ª PROBA E ENTREGA 1º TRABALLO	19 de xaneiro de 2024	Aritmética e álgebra
ENTREGA 2º TRABALLO	1 de abril de 2024	Resto da materia
2ª PROBA	12 de abril de 2024	Dependendo da 1ª proba: todo ou só a 2ª parte da materia.